



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ASISTENCIA PLENO 150619:

Presidente:

Don Manuel Muíño Espasandín

Concelleiros:

Don Óscar Lema Romero
Dona Yolanda Mourelle González
Dona Natalia Espasandín pazos
Don Germán Pérez Freire
Don Manuel García Velo
Dona María Pilar García García
Don José Luis Velo Velo
Don José David Gomez Brandariz
Don Juan Carlos Torres Vila
Don José Cotelo Pardiñas

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Laura Rodríguez Arranz

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DEZANOVE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE (150619)

No Concello de Zas, o dezanove de xuño de dous mil quince, ás catorce horas, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión extraordinaria do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, INTEGRANTES E PORTAVOCES.-

Conforme se dispón nos arts. 23, 24 e 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, e arts. 74 e 75 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia,

dáse conta da constitución dos seguintes grupos municipais da Corporación, os seus integrantes e portavoces

R.E.855/2015, de 15 de xuño

Constitúese o denominado grupo “Bloque Nacionalista Galego” sendo os seus integrantes:

Manuel Muíño Espasandín
Óscar Lema Romero
Yolanda Mourelle González
Natalia Espasandín Pazos
Germán Pérez Freire
Manuel García Velo
María Pilar García García
José Luis Velo Velo

Según o escrito presentado o portavoz é don Óscar Lema Romero e os suplentes dona Yolanda Mourelle González e don Germán Pérez Freire.

R.E.856/2015, de 15 de xuño

Constitúese o denominado grupo “Partido Popular”, sendo os seus integrantes:

José David Gomez Brandariz
Juan Carlos Torres Vila
José Cotelo Pardiñas



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Según o escrito presentado o portavoz é José David Gomez Brandariz e os suplentes Juan Carlos Torres Vila e José Cotelo Pardiñas.

SEGUNDO: CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Alcalde le a proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo das eleccións locais do pasado 24 de maio e de constituírse a nova Corporación é necesario crear e determinar a composición das comisións informativas de carácter permanente deste concello.

Tendo en conta que ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime local, no artigos 20.1.b da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e no artigo 35.2.d do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), a Xunta de Goberno Local existirá en aqueles concellos de poboación non superior a 5000 habitantes cando o determine o regulamento orgánico ou o acordo de pleno.

A Alcaldía, ao abeiro da lexislación exposta proponlle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Crear a Xunta de Goberno Local.

Segundo: No caso de que non se acorde a creación da Xunta de Goberno Local os decretos relativos a composición e periodicidade da mesma quedarán sen efecto. Zas, 15 de xuño de 2015 O alcalde. Manuel Muíño Espasandín.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por 8 votos a favor (don Manuel Muíño Espasandín, don Óscar Lema Romero, dona Yolanda Mourelle González, dona Natalia Espasandín Pazos, don Germán Pérez Freire, don Manuel García Velo, dona María Pilar García García e don José Luis Velo Velo) e 3 abstencións (don José David Gomez Brandariz, don Juan Carlos Torres Vila e don José Cotelo Pardiñas.) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

TERCEIRO: PERIODICIDADE DE SESIÓNS ORDINARIAS DE PLENO.

O Sr. alcalde le a proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo das eleccións locais do pasado 24 de maio e de constituírse a nova Corporación é necesario establecer as sesións periódicas do Pleno e das Comisións.

Tendo en conta que ao abeiro da lexislación vixente o Pleno se reunirá en sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos concellos cunha poboación de ata 5000 habitantes.

A Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 78 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e en concordancia co artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e co artigo 210 da Lei de administración local de Galicia, proponlle ao Pleno da Corporación o seguinte:

Primeiro: Establecer as sesións ordinarias do Pleno do Concello de Zas os últimos martes de cada mes impar ás 13:00 horas.

Segundo: O Sr. alcalde está facultado para alterar as sesións plenarias cando coincidan coa Semana Santa, como consecuencia dos períodos vacacionais, sempre que isto non obstaculice a xestión de asuntos municipais.

Terceiro: O Sr. alcalde está facultado para adiantar ou atrasar a data de reunión da sesión ordinaria, sen que poida exceder dun prazo máximo de seis días hábiles e sempre que sexa preciso para o correcto funcionamento da xestión municipal. En todo caso daralle, con posterioridade, conta ao Pleno da Corporación dos motivos polos



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

que acordou pospoñer a sesión. Zas, 15 de xuño de 2015. O alcalde Manuel Muíño Espasandín

Sometido o tema a consideración do Pleno este aproba por unanimidade dos presentes a proposta de alcaldía anteriormente transcrita

CUARTO: CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

O Sr. alcalde le a proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo das eleccións locais do pasado 24 de maio e de constituírse a nova Corporación é necesario crear e determinar a composición das comisións informativas de carácter permanente deste concello.

Tendo en conta que ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime local, nos artigos 66, 68 e 212 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e no artigo 123 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), correspóndelle ao Pleno determinar o número e a denominación das comisións informativas de estudo e ditame, tanto cando nacen con vacación de permanencia, por obedecer a estrutura o ámbito competencial do concello, como cando nacen con carácter temporal co obxectivo de tratar temas específicos.

Tendo en conta que ao abeiro do artigo 134 do ROF estas comisións estarán integradas polos membros que designen os diferentes grupos políticos do concello, en proporción a súa representatividade no Pleno.

A Alcaldía, ao abeiro da lexislación autonómica e dos artigos 123 e seguintes do ROF, proponlle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Crear as seguintes comisións informativas de carácter permanente:

-Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas

-Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno

Segundo: Establecer a seguinte composición en función da representación que cada grupo ten no Pleno:

BNG: 5 concelleiros/as

PP: 2 concelleiros/as

Terceiro: As funcións destas comisións informativas de carácter permanente serán o estudo e o ditame previo dos asuntos que se sometan a decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno e da Alcaldía, nestes dous últimos casos cando estes órganos actúen por delegación daquel, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación cando o órgano competente lles solicite ditame,

A Comisión de Contas, órgano necesario no concello, asume as competencias do artigo 116 da Lei de bases de réxime local e do 66 da lei 5/1997.

Cuarto: Estas comisións, agás a Especial de Contas, reuniranse segundo se sinala no artigo 134 do ROF.

O seu funcionamento axustarase ao previsto no capítulo 2, título 2 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 14/1990 e no ROF. Zas, 15 de xuño de 2015. O alcalde. *Manuel Muíño Espasandín*

Sometido o tema a consideración do Pleno este aproba por unanimidade dos presentes a proposta de alcaldía anteriormente transcrita

QUINTO: REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. alcalde le a proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

De conformidade co disposto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, en virtude do cal debe procederse polo Pleno ao nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do mesmo, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

-No Consello Escolar do C.P.I. de Zas: Óscar Lema Romero. Suplente: Manuel García Velo

-No Consello Escolar do C.E.I.P. "Labarta Pose". Óscar Lema Romero. Suplente: Manuel García Velo

-No Consello Escolar do I.E.S."Maximino Romero de Lema": Óscar Lema Romero. Suplente: Manuel García Velo

En Zas, a 15 de xuño de 2015. O Alcalde, *Manuel Muíño Espasandín*.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por 8 votos a favor (don Manuel Muíño Espasandín, don Óscar Lema Romero, dona Yolanda Mourelle González, dona Natalia Espasandín Pazos, don Germán Pérez Freire, don Manuel García Velo, dona María Pilar García Garcia e don José Luis Velo Velo) e 3 abstencións (don José David Gomez Brandariz, don Juan Carlos Torres Vila e don José Cotelo Pardiñas.) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

SEXTO: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Sr. alcalde le a resolución:

DECRETO.- No Concello de Zas (A Coruña) a 15 de xuño de 2015.

Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 65 do Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, resolvo:

Primeiro: Nomear como membros vocais da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros: Óscar Lema Romero, Yolanda Mourelle González e Manuel García Velo.

Por tanto a composición é a seguinte:

Presidente: Manuel Muíño Espasandín.

Vocais: Óscar Lema Romero
Yolanda Mourelle González
Manuel García Velo

Segundo: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Terceiro: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF

SÉTIMO: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

O Sr. alcalde le a resolución:

DECRETO.- No Concello de Zas (A Coruña) a 15 de xuño de 2015.

De conformidade co disposto nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 62 e 63 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local, resolvo:

Primeiro: Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros na orde que se determina:

Primeiro Tenente de Alcalde: Óscar Lema Romero

Segundo Tenente de Alcalde: Yolanda Mourelle González

Terceiro Tenente de Alcalde: Manuel García Velo

Segundo: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Terceiro: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.

OCTAVO: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS DELEGADOS E ATRIBUCIÓNS CONFERIDAS

O Sr. alcalde le a resolución:

DECRETO.- No Concello de Zas (A Coruña) a 15 de xuño de 2015.

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos Concelleiros que estime pertinente, resolvo:

Primeiro: Efectuar delegacións especiais de servizo ao abeiro do art. 43.5.b do ROF nos seguintes concelleiros:

CONCELLARÍA DELEGADA DE CULTURA E ENSINO: Manuel García Velo

CONCELLARÍA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS: Óscar Lema Romero

CONCELLARÍA DELEGADA DEPORTES E PROTECCIÓN CIVIL: Óscar Lema Romero

CONCELLARÍA DELEGADA DE RÉXIME INTERIOR E RECURSOS HUMANOS: Óscar Lema Romero.

CONCELLARÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE: María Pilar García García

CONCELLARÍA DELEGADA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN URBANÍSTICA: Germán Pérez Freire.

CONCELLARÍA DELEGADA DE SERVIZOS MUNICIPAIS E EMPREGO: Natalia Espasandín Pazos

CONCELLARÍA DELEGADA DE MULLER E SANIDADE: Yolanda Mourelle González

CONCELLARÍA DELEGADA DE MEDIO RURAL: José Luis Velo Velo

De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do citado R.O.F., as



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

citadas delegacións comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. A facultade resolutoria corresponde a Alcaldía.

Segundo: Realizar delegación xenérica ao abeiro do art.43.3 do ROF, no seguinte concelleiro:

Óscar Lema Romero. Certificados de empadramento e contribución, informes de convivencia, visados de outros certificados, informes.

A delegación xenérica comprende a facultade de dirixir os servizos, xestionalos e resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro: Conste a facultade de avocación nos termos establecidos no art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Cuarto: Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Quinto: Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

Sexto: Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.

NOVENO: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS ATRIBUCIÓN DELEGADAS A FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Sr. alcalde le a resolución:

DECRETO.- No Concello de Zas (A Coruña) a 15 de xuño de 2015

En uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1.985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos arts. 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de Novembro, resolvo:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:

A. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases para as probas de selección do persoal funcionario e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.

B. Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das Ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

C. A adxudicación de concesións sobre os bens das entidades locais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.

D. Adopción dos acordos que procedan en relación coas solicitudes presentadas polos cidadáns, entidades públicas ou privadas relativas a servizos ou actividades municipais, salvo que as Ordenanzas ou as leis sectoriais atribúanas directamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Pór en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebren a presente Resolución e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

DÉCIMO: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Sr. alcalde le a resolución:

DECRETO.- Zas (A Coruña), a 15 de xuño de 2015

Sendo preceptivo establecer por esta Alcaldía-Presidencia a periodicidade das Sesións Ordinarias a celebrar pola Xunta de Goberno, conforme dispón o art. 112.2 e 112.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, resolvo:

PRIMEIRO.- Celebrar as Sesións Ordinarias da Xunta de Goberno Local o primeiro e terceiro martes de cada mes, ás 13,30 horas.

No caso de que o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

SEGUNDO.- Por en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebren, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DÉCIMO PRIMEIRO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NO ALCALDE E XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

O Sr. alcalde le a proposta:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o artigo 22.4 da Lei 7/1.985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón que o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p) e no apartado 3.

Visto que o Pleno é competente según o art.22.2.ñ) LBRL para: A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aún non estean previstos nos orzamentos.

Sendo así, e sendo necesario dotar da maior axilidade administrativa á tramitación dos expedientes, respectando en todo caso a lexislación vixente en cada momento, conforme ao art. 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de Novembro, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Delegar na Alcaldía as seguintes atribucións concretas que asignan ao Pleno da Corporación como delegables a lexislación vixente:

- A contratación do sinalado na Disposición Adicional segunda, apartado 2, párrafo primeiro (Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos no mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos (estén ou non, previstos ditos proxectos no orzamento) os que se refire o art.22.2.ñ) da LBRL En Zas, a 15 de xuño de 2015.O Alcalde, Manuel Muíño Espasandín”

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por 8 votos a favor (don Manuel Muíño Espasandín, don Óscar Lema Romero, dona Yolanda Mourelle González, dona Natalia Espasandín Pazos, don Germán Pérez Freire, don Manuel García Velo, dona María Pilar García Garcia e don José Luis Velo Velo) e 3 abstencións (don José David Gomez Brandariz, don Juan Carlos Torres Vila e don José Cotelo Pardiñas.) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

DÉCIMO SEGUNDO: DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO ALCALDE.

O alcalde le a proposta:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Vista a complexidade e gran cantidade de traballo que leva aparelado o cargo de alcalde do concello.

Visto que que a dedicación exclusiva do cargo de alcalde ten como finalidade primordial conseguir un mellor funcionamento de todos os servizos municipais.

Considerando que a Lei Reguladora das bases de Réxime Local de 2 de abril de 1985, no seu art.75 e o art.13 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva.

Considerando que no orzamento municipal do presente exercicio, no seu capítulo primeiro existe crédito adecuado e suficiente.

Esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Determinar cargo electo con dedicación exclusiva ao Alcalde.

Segundo: Fixar como retribución o importe consistente en 40.000€ brutos anuais, percibindo catorce pagas anuais.

Terceiro: Calquera variación da citada retribución deberá ser aprobada polo pleno.

Cuarto: Efectuar os trámites que procedan na Tesourería da Seguridade Social.

Quinto: Este acordo ten efectos retroactivos dende o 13 de xuño de 2015.

Sexto: Publicar este acordo nos termos e extensión previstos no art. 75.5 da Lei de bases de réxime local.En Zas, a 15 de xuño de 2015.O Alcalde,Manuel Muíño Espasandín

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por 8 votos a favor (don Manuel Muíño Espasandín, don Óscar Lema Romero, dona Yolanda Mourelle González, dona Natalia Espasandín Pazos, don Germán Pérez Freire, don Manuel García Velo,dona María Pilar García García e don José Luis Velo Velo) e 3 abstencións (don José David Gomez Brandariz, don Juan Carlos Torres Vila e don José Cotelo Pardiñas.) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

DÉCIMO TERCEIRO: DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Esta Alcaldía-Presidencia, do mesmo xeito que o acordado ao comezo do anterior mandato, considera que existen motivos máis que suficientes para que o Pleno recoñeza a dedicación exclusiva do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde.

O recoñecemento de devandita dedicación exclusiva ten igualmente como finalidade primordial conseguir un mellor funcionamento de todos os servizos municipais así como lograr unha mellora do benestar social de todos os veciños.

Considerando que a Lei Reguladora das bases do Réxime Local de 2 de Abril de 1.985, no seu art. 75, 225 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e o art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán RETRIBUCIÓNs polo exercicio dos seus cargoscando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Considerando que no Orzamento Municipal do presente exercicio, no seu capítulo primeiro existe crédito adecuado e suficiente.

Esta Alcaldía-Presidencia propón ao Concello en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde.

Segundo: Fixar como retribución o importe consistente en 38.699,08 € brutos anuais, percibindo catorce pagas anuais.

Terceiro: Calquera variación da citada retribución deberá ser aprobada polo pleno.

Cuarto: Efectuar os tramites que procedan na Tesourería da Seguridade Social.

Quinto: Este acordo ten efectos retroactivos dende o 13 de xuño de 2015.

Sexto: Publicar este acordo nos termos e extensión previstos no art. 75.5 da Lei de bases de réxime local En Zas, a 15 de xuño de 2015. O Alcalde, Manuel Muíño Espasandín

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por 8 votos a favor (don Manuel Muíño Espasandín, don Óscar Lema Romero, dona Yolanda Mourelle González, dona Natalia Espasandín Pazos, don Germán Pérez Freire, don Manuel García Velo, dona María Pilar García García e don José Luis Velo Velo) e 3 en contra (don José David Gomez Brandariz, don Juan Carlos Torres Vila e don José Cotelo Pardiñas.) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, as catorce horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.